



ANUNCIO

ASUNTO: RESULTADO PROVISIONAL DA REALIZACIÓN DA PROBA DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN OFICIAL FONTANEIRO DENTRO DO PLAN DE EMPREGO 2020

Rematada a celebración da proba, o resultado provisional da proba de coñecemento no procedemento selectivo para a contratación laboral temporal dun OFICIAL FONTANEIRO dentro do Plan de emprego 2020 do Concello de Bueu celebrada con data 28 de xullo de 2020 no Centro Social do Mar de Bueu é o seguinte:

OFICIAL FONTANEIRO

ORDE	APELIDOS E NOME	TEST	APTO/ NON APTO
1	FERVENZA SANTOME JOSE ANTON	5	APTO
2	MARTINEZ DOCAMPO ARKAITZ	5	APTO
3	MONTES PRADO VICTOR	9	APTO

Logo do anterior, en aplicación da base 8ª Proba selectiva o Tribunal ordear publicar a lista provisional do xeito sinalado nas bases, reducindo a un día o periodo de alegacións motivado pola urxencia das contratacións que deberán facerse efectiva o 1 de agosto de 2020 e polo tanto conceder **o prazo de un (1) día hábil**, será mércores 29 de xullo de 2020, o horario de atención o público do rexistro de 8:30 a 13:30 horas, para a presentación de **reclamacións e alegacións oportunas**.

O tribunal solicita que os aspirantes empatados deben **presentar a documentación** que acredite as diferentes situacións relativas aos criterios preferentes, dando o mesmo prazo que os das alegacións que será o **mércores día 29 de xullo de 2020**.

1º.- Vítimas de violencia de xénero. Esta situación acreditarase a través dun informe do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Bueu no que faga constar a acreditación de vítima de violencia.

2º Persoas candidatas maiores de 45 anos: a través do DNI

3º Persoas candidatas que formen familia monoparental con fillos ao seu cargo.

Familia monoparental: supostos de separación xudicial, nulidade do matrimonio, divorcio, morte ou declaración de falecemento dun dos cónxuxes e parellas de feito; con fillos a cargo (ou sexa, que convivan e dependan economicamente).Acreditación da situación correspondente.

4º Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa: declaración da renda de 2016 de todos os membros que figuren no xustificante de empadramento ou certificado de non estar obrigado a presentala emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

5º Persoas candidatas con cargas familiares: inclúe fillos/as menores de idade e maiores dependentes sen ingresos.

Concello de Bueu

Rúa de Eduardo Vincenti, 8 C.P.36930 Bueu (Pontevedra) · CIF P-3600400J Rex. E. L. Nº 111 . E-mail: concello@concellodebueu.org
Telf. 986 390 029 · Fax 986 322 099





CONCELLO DE BUEU

O Tribunal acorda por unanimidade que o medio de presentación de reclamacións ou alegacións así como da documentación para os empates sexa única e exclusivamente por estas vías:

- Presencialmente no Rexistro do Concello en horario de 8:30 a 13:30 horas de luns a venres.
- Por correo certificado urxente. Enviando por fax (986322099 Concello) a copia da reclamación presentada á Att/ da Secretaria do Tribunal ou ao correo electrónico recadacion@concellodebueu.gal.
- Na sede electrónica do Concello de Bueu.

Rematado o prazo de alegacións o Tribunal resolverá as que se presentaron en tempo e forma, elevando a definitiva a lista de candidatos que superaron a proba.

